

**INFORMACIÓN MOI IMPORTANTE.**  
**LER ATENTAMENTE ANTES DE VER AS CONVOCATORIAS**

Esta convocatoria extraordinaria está reservada a alumnado oficial (cursos ordinarios e That's English), CALC e CUALE.

**NOS CURSOS A1 E A2:**

O alumnado só realizará as actividades de lingua que non foron superadas no mes de xuño (nota inferior a 15). Para obter a cualificación de APTO a nota mínima por destreza será 15 e o total final non deberá ser inferior a 60.

**NOS CURSOS DE B1 EN ADIANTE:**

O alumnado só realizará as actividades de lingua que non foron superadas no mes de xuño (nota inferior a 12,5) e, opcionalmente, para subir a media, aquelas cuxa nota estea entre 12,5 e 16,25 (neste caso, teríase en conta a nota máis alta das dúas convocatorias). Para obter a cualificación de APTO a nota mínima por destreza será 12,5 e o total final non deberá ser inferior a 81,25.

- **A parte escrita** inclúe as actividades de lingua seguintes: comprensión de textos escritos; mediación, produción e coprodución escrita e comprensión de textos orais. Pode consultar a orde e duración das probas de certificación na guía do candidato. (No caso dos cursos de promoción, a orde pode variar. Ver convocatoria premendo no enlace).

- **A parte oral** inclúe a mediación, produción e coprodución oral

\* **IMPORTANTE!** Para a **parte oral**, o alumnado será convocado oficialmente o día e hora que determine o departamento. **O feito de que haxa máis de un día para a realización das ditas probas, non implica que se poida elixir o día e hora no que se vaia presentar.** Ver convocatoria premendo no enlace. De haber coincidencia dun exame oral con outra proba, póñanse en contacto coa xefatura do departamento.

**LEMBRE QUE A MEDIACIÓN CONSTA DUNHA TAREFA ORAL E DOUTRA ESCRITA, E QUE DEBERÁ REALIZAR AS DÚAS TAREFAS** (coa parte oral e coa parte escrita) para poder superala.